

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 16 DE XULLO DE 2012.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a María Dolores Meitin Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D. Alberto Santos Vázquez.

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D^a M^a Rosario Balseiro López

Secretario:

D. Luís María Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausentes:

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel López Hermida

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as doce horas, do día dezaseis de xullo de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria e urxente, convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DOS ASUNTOS INCLUÍDOS NA ORDE DO DÍA.

Coa autorización da presidencia, por Secretaría dáse lectura ó decreto de convocatoria no que se reflicte a xustificación da urxencia dos asuntos incluídos na orde do día.

Enterado, o Concello Pleno, cos votos a favor dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Meitin Rouco, Balseiro López e Santos Vázquez e coa abstención do Sr. López López, acorda ós efectos do disposto no Art. 79 do R.D. 2568/1986 de 28 de novembro; aprecia-la urxencia dos asuntos incluídos na orde do día da sesión.

2º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 8/2012 POR IMPORTE DE 419.983,97€. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do expediente de modificación de crédito do epígrafe e da documentación e informes preceptivos, obrantes no expediente.

Dáse conta asimesmo da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

MEMORIA XUSTIFICATIVA E PROPOSTA DE ALCALDÍA

JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de gasto corrente e investimentos, obsérvase a inexistencia ou insuficiencia de crédito en determinadas partidas do Estado de Gastos.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acordar a concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 1.664.576,48 euros.

A modificación que se propón refírese aos seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaplazable nos seguintes argumentos:

- Dótase o crédito necesario para a adquisición de terrenos colindantes á igrexa de Xuances para aparcamento e colindante co centro social de O Cruceiro para zona de esparcemento dos veciños.
- Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da axuda concedida polo INEGA para a realización dunha auditoría enerxética do alumeadado público do Concello. A contía da axuda acada o 50%. Non obstante, dótase como aportación municipal a previsible suba do Imposto sobre o Valor Engadido.
- Do mesmo xeito, dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da axuda concedida polo INEGA para os traballos de centralización, xestión e redución do gasto enerxético na parroquia de Morás. A contía da axuda acada o 70%. Tamén se dota como aportación municipal a previsible suba do IVE.
- Consígnase o crédito necesario para os traballos de drenaxe e mellora ou acondicionamento do campo de fútbol municipal, de urxente realización.
- Suplementase a partida adicada ao acondicionamento de carreteras e pistas, posto que se amosou insuficiente o crédito consignado nos orzamentos municipais para todo o exercicio. Tamén se suplementa a partida dedicada a aglomerados.
- A obra prevista no orzamento denominada “Construcción de escollera e ancheamento de vial en Vilachá”, correspondente ao proxecto 4/12, estaba prevista a súa inclusión no P.P.O.S. 2012. Ata o momento non se coñece resolución ningunha de aprobación dest plan para o presente exercicio. O crédito consignado, por importe de 59.000 euros, estaba finabnciado parcialmente coas aportacións do M.A.P. (23.600,00 euros) e Diputación Provincial (11.800,00 euros). Este crédito non resultará polo tanto dispoñible e nembargantes a obra resulta de necesaria realización polo que se fai necesario dotar o crédito restante e igualmente prever a suba do IVE.
- Dótase o crédito para acometer a obra de acondicionamento do acceso á igrexa de Vilachá mediante o ancheamento do vial, reconstrucción do muro existente e asfaltado.
- Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da axuda concedida polo INEGA para a instalación de unha caldeira de biomasa nas instalacións da Casa do Concello. A axuda ascende a 50.000,00 euros e o proxecto ten un importe de 198.983,40 euros. Non obstante, neste caso, dado que a resolución de concesión da axuda se coñeceu o 28 de xuño de 2012 e dado o prazo de execución da obra; tendo en conta que para dar cumprimento á lexislación contractual e debido ao importe da obra, cómpre cando menos licitala mediante un procedemento negociado, resulta complexo acadar a debida xustificación da mesma no prazo sinalado, 15 de setembro, polo que, dado que se considera unha obra de importancia máxima polo aforo de combustible que suporá a instalación, o crédito se dota pola totalidade do proxecto, tendo en conta, ao igual que o resto dos caso, o aumento do IVE.

Partida	Denominación	Consign. Inic. + aumentos anteriores por proxecto	<u>AUMENTO</u>	Consignac. Final	<u>FINALIDADE</u>
151.600	Urbanismo. Adquisición de terreos	0,00	10.000,00	10.000,00	<u>COMPRA DE TERREOS (P. 16/12)</u>
165.227.06	Alumeadado público. Estudos e traballos técnicos	3.835,00	4.030,00	7.865,08	<u>AUDITORÍA ENERXÉTICA NAS INST. DE ALUMEADO</u>

					<u>PÚBLICO. (P. 14/12)</u>
165.619	Alumeado público. Outros investimentos de reposición	38.512,16	17.903,97	56.416,13	<u>CENTRALIZACIÓN XESTIÓN E REDUCCIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EN MORÁS. (P. 15/12)</u>
342.622	Instalacións deportivas	0,00	14.800,00	14.800,00	<u>MELLORA DRENAXE E ACONDICIONAME NTO CAMPO FÚTBOL (P. 18/12)</u>
453.210	Carreteras e camiños. Infraestruturas	50.000,00	48.000,00	98.000,00	<u>BACHEOS E REPARACIÓN DE CARRETERAS</u>
453.619	Carreteras e camiños. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	59.000,00	36.900,00	22.100,00	<u>CONSTRUCCIÓN DE ESCOLLERA E ANCHEAMENTO DE VIAL EN VILACHÁ (P. 4/12)</u>
453.619	Carreteras e camiños. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	100.000,00	26.500,00	126.500,00	<u>ASFALTADOS E AGLOMERADOS (P. 6/12)</u>
453.619	Carreteras e camiños. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	0,00	57.800,00	57.800,00	<u>ACONDICIONAME NTO DO ACCESO Á IGREXA DE VILACHÁ (P. 19/12)</u>
920.623	Administración xeral. Investimento en maquinaria	0,00	204.050,00	204.050,00	<u>INSTALACIÓN DE CALDEIRA DE BIOMASA (P. 17/12)</u>
TOTAL			419.983,97		

O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.011.

En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito nas partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 7/2012 de Modificación de Créditos por importe total de **CATROCENTOS DEZANOVE MIL NOVECENTOS OITENTA E TRES EUROS E NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (419.983,97 €)**

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente explícanse polo miúdo os motivos que determinan a tramitación do expediente do epígrafe e que se reflicten na memoria e na proposta óbrante no expediente.

Polo Sr. López López manifestase que o Grupo Municipal do BNG vai votar a favor da aprobación do expediente, xa que o mesmo contempla a execución de obras de inversión salientando que este voto favorable non supón a conformidade do BNG cos criterios de inversión do grupo de goberno.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase a súa intención de votar favorablemente.

Enterado, o concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 8/2012 do Orzamento Municipal de 2012 por importe de 419.983,97€ reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

3º) ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA, SALUBRIDADE E ORNATO DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE XOVE. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do proxecto de Ordenanza Municipal Reguladora da Limpeza, Salubridade e Ornato de Espazos Públicos no Concello de Xove, unha vez incorporadas ó mesmo as suxerencias plantexadas polos distintos grupos municipais, sinalando que o resultado é unha ordenanza cun contido razoable e que espera sexa a solución dos pequenos problemas existentes, fundamentalmente no casco urbano de Xove, derivados da utilización dos espazos de uso público.

Polo Sr. López López manifestase a súa conformidade co texto definitivo da ordenanza, sinalando a necesidade de corrixir dous erros materiais de transcripción nos arts. 23.2.1) e 24 da Ordenanza

Por Secretaría tómase razón dos erros de transcripción referenciados, os efectos da súa inmediata subsanación.

Rematado o debate, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora da Limpeza, Salubridade e Ornato de Espazos Públicos no Concello de Xove e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

4º) MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE XIMNASIA RÍTMICA. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía de Modificación do Regulamento da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica, que a seguir se transcribe integramente:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, visto o expediente tramitado para a modificación do Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica e previo informe emitido polo secretario municipal sobre o procedemento a seguir, PROPÓN AO CONCELLO PLENO, a modificación de dito Regulamento do seguinte xeito:

1.- Engádense un artigo, que será o Artigo 3, dentro do Título I, de Disposicións Xerais, co seguinte texto:

Artigo 3.- Material da Escola.

A Escola Municipal disporá de material tal como pelotas, aros, cordas, cintas, mazas, pesas, maquillaxes e tapices para o desenvolvemento das actividades, que será facilitado polo Concello, sen prexuízo de que as/os alumnos/as da Escola podan utilizar o seu propio material, baixo a supervisión do/a monitor/a.

Todo o material e incluso a roupa deportiva que se puidera facilitar será de uso exclusivo dos entrenamentos, actos, competicións, torneos e similares e os/as alumnos/as serán responsables da súa boa conservación.

2.- O artigo 3, que pasará a ser o Artigo 4, modifícase no seu parágrafo segundo, do seguinte xeito:

Os/as alumnos/as da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica teñen a obriga de adoptar unha conduta respectuosa cos/coas monitores/as e demais compañeiros/as, así como manter un comportamento deportivo, actitude que será igualmente extensiva aos pais, nais ou titores ou acompañantes dos/as mesmos/as. Deberán igualmente respectar o mobiliario, material facilitado e instalacións do local municipal onde se imparten as clases así como aboar os prezos ou tributos establecidos, de ser o caso.

Os/as alumnos/as da Escola que participen en equipos ou conxuntos durante a tempada correspondente a cada curso, deberán comprometerse, salvo causa de forza maior, a finalizar dito curso e acudir aos actos, competicións, torneos, etc., a fin de non verse perxudicado o traballo dos seus compañeiros/as.

3.- Engádese un novo parágrafo ao Artigo 5:

Os/as monitores/as disporán de liberdade de actuación para asegurar o bon desenvolvemento da actividade con referencia á elección de horarios e distribución de alumnos/as, elección de uniformes de entramento e/ou competición (obrigatorio para todos os/as alumnos/as), e toma de decisións en relación á participación en actos, competicións, torneos de exhibición, vestiario, música, aparatos, etc. Ademais, determinarán os/as ximnastas que participen en cada unha das competicións ou torneos e a modalidade na que participan en función do nivel de traballo de cada ximnasta.

4.- Modifícase o artigo 8, no seu parágrafo primeiro, que quedará redactado como segue:

A duración da actividade da Escola abrangue todo o curso escolar. Con antelación suficiente ao comezo do curso será comunicado o día de comezo e de remate do mesmo, así coma o horario e día ou días de actividade.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente manifestase que con esta modificación pretendese solucionar os pequenos problemas de funcionamento interno da escola municipal de Ximnasia Rítmica plantexados polos monitores da mesma.

Polo Sr. López López manifestase que está totalmente de acordo co fondo da modificación, máis considera que a redacción proposta excede do que debe ser unha norma xurídica xa que se reflicten puras obviedades máis propias dunha carta dirixida ós usuarios da Escola, tanto alumnos como pais de alumnos.

Rematado o debate, o Concello Pleno, cos votos a favor dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Meitin Rouco, Balseiro López e Santos Vázquez e coa abstención do Sr. López López, acorda aprobar inicialmente a modificación do Regulamento da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica, e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no taboeiro municipal de anuncios, sinalándose expresamente que no suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no trámite de información pública, o presente acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo